

Recomendación dirixida ao Concello de Abadín para que dea acceso á información reclamada pola persoa promotora da queixa.

Expediente: N.9.Q/187/23

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente á falta de acceso a información por parte dun grupo municipal.

ANTECEDENTES

1. No escrito expón: “solicitud de información y documentación al Ayuntamiento de Abadín en el ejercicio de nuestras funciones como grupo municipal socialista de Abadín. Con fecha 16/12/2022 se registraron telemáticamente varios escritos en la oficina electrónica del Ayuntamiento con los siguientes registros 2022-E-RE-459, 2022-E-RE-461, 2022-E-RE-463, 2022-E-RE-465. Con fecha 16/01/2023, no habiendo recibido respuesta por parte del Ayuntamiento, presentamos escrito reiterando dicha información.”

2. Ante iso requirimos, como vostede sabe, información ao Concello de Abadín, que xa nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“En relación á queixa plantexada ante esa institución por parte de XXX, en calidade de voceiro XXX do Grupo Municipal do XXX no Concello de Abadín, sobre a solicitude de información e documentación presentada o 16.12.2022 (rexistros de entrada 2022-E-RE-459, 2022-E-RE-461, 2022-E-RE-463 e 2022-E-RE-465), mediante a presente esta Alcaldía informa: Que os medios persoais do Concello de Abadín, son limitados e non dispón de persoal suficiente para atender coa debida dilixencia en tempo e forma o volumen de información e de documentación que de forma reiterada ven solicitando o Grupo Municipal do XXX. Na medida en que as necesidades dos servizos así o permitan, porase a disposición a información e documentación requerida.”

ANÁLISE

1. O dereito fundamental ao exercicio da función representativa, recoñecido no artigo 23 da Constitución Española, conleva, entre outras cousas, o acceso á información local por parte deses cargos representativos como medio necesario para o exercicio da súa función.

2. O dereito exerceuse de acordo coa Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Ambos recoñecen o dereito dos membros das corporacións locais, tanto dos concelleiros que formen parte do goberno local como da oposición, a obter -do alcalde ou da xunta de goberno- tanta información ou documentación atópese en poder da entidade local que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións representativas.

3. Tamén regulan o procedemento para o acceso, o prazo para resolver, o sentido do silencio e as condicións do acceso; deben resolverse motivadamente no prazo de cinco días naturais e enténdense concedidas se non se denegan en cinco días. A consulta e exame poderán realizarse no arquivo xeral, en dependencias onde se atope a documentación, ou mediante a entrega ao membro da corporación interesado. E existe o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se faciliten.

4. No caso que tratamos o informe municipal non nega o dereito ao acceso, pero sinala a dificultade do mesmo debido ao limitado dos medios (persoal) e ao volume da información, polo que se compromete a que, na medida en que as necesidades do servizo o permitan, se porá a disposición a información pedida. Porén, coa anterior indicación continúa a incerteza respecto da efectividade do dereito.

5. Que a información sexa voluminosa ou complexa non pode levar a que a súa aportación se pospoña *sine die* despois do incumprimento do prazo para resolver, de 5 días, o que significou a concesión tácita, polo que só resta que se materialice o acceso.

6. Unha das vías para reclamar o acceso é a queixa ante a Valedora do Pobo, como neste caso, pero tamén existen outras, como os recursos administrativos, o ordinario e o substitutivo, este último ante a Comisión da Transparencia de Galicia, un órgano adscrito á Valedora do Pobo. Tamén poden interpoñerse o recurso contencioso, o previsto para a protección dos dereitos fundamentais, e mesmo o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

7. Ademais, a transparencia pública, na que se engloba o acceso á información pública, atópase directamente relacionada co dereito fundamental a recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión (artigo 20.1.d) CE).

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Abadín a seguinte recomendación:

Que se dea acceso á información reclamada.



Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo